

zo, arma ali unha plasta que non se sabe o que é: de perto, unha cataplasma; de longe un cadro. Unha masa informe empastada de gris e rosa, é de longe un nenño no seu berce. Unha chea de tubos de coor esmagados, dend'o outro esquinal da sala, é un retrato de George Brandès. Ten retratos, paisaxes, encoiros, esceas, froles, cousas meio clásicas, algunhas cousas feas, as máis, boas.

Cousas de Zorn, Max Slovogi, Lesser Urg, Von König. Max Liebermann representa a escola clásica alemá da fin de século. Logo os postimpresionistas: Max Neumann, Eugen Spieg, Grossmann, Julius Pascin, do que hai un encoiro que é das cousas máis feas que teño visto. Un cadro puntillista precioso de Paul Signac. Moitos pintores máis.

E chegase á unha sala na qu'aparecen as verdadeiras feras: un cabalo branco deitado e duas mulleres á gran coor, de Wolf Rohricht; o *Zircus* de Magnus Zeller, un clown n-un burro c'un can de pé diante, todo lido sobre fondo bermello; unha artista de circo de P. Kleinschmidt. Todo elo sen jediza, tristeiro, cheo de xenreira.

Eu tiña prevención contra de Max Pechstein, coñecido pol-o libro de Paul Fechter, qu'o louba moito. Vira en photo unha muller

c'un gato no colo qu'alporiza os nervos, e ti-veno por un *feista*. E non é tanto: o *Mercedo de cabalos*, 1909, en castaño, marelo, verde e azul; un cacho de porcelán azul con *Gladiolos* que semellan un incendio; unha *Paisage de río*, 1923, con masas de xuncos en verde, barcos e nubes d'azul intenso, fóronme pacendo un pouco. H encomenza a ríola sen cabo dos expresionistas: Otto Müller con paisaxes gustantes; Schmidt-Rottluff, c'un encoiro de muller coor d'excremento humán; Paula Modersohn, que ten unha rapaza c'un floreira un pouco prerrafaelista; Christian Rohifs, c'un Jesús en Getsemani; Carl Hofer, c'un lindo retrato de Mme. Bailhache. Logo, as cousas neoimpresionistas d'Oscar Kokoschka, de coorido arbitrario, mais de cote sorprendentes e animados, outro dos coñecidos meus, coma E. Heckel, que ten unha *Primaveira* na qu'o ceo abrese todo en luz coma s'estoupara e unha *Madonna riba do mar* completamente medieval. Heckel ten sala especial, e tamén a ten Ernst Ludwig Kirchner, d'un cubismo desfeito e d'unha tolice de coor que non ven á conto pra nada; o seu *Die Meister der Brücke* é o cadro máis feo que eiqui hai.

(Continuaráse)

CANCIONEIRIÑO DE COMPOSTELA

Escolma e anotación de

• XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE, do Seminario de Estudos Galegos
(Remate)

refulxen mitras e báculos,
cruces e pontificaes...
Tanto pobo, de tropel,
corre, pra beixarlle o hábito,
—mulleres, vellos, creanzas,—
que as casas todas se fechan
para o traballo dos campos,
e até os propios sineiros
das torres da catedral
largan as cordas dos sinos
e veñen vel-a pasar...
Mais —oh, miragre de Deus!—
cuando a Rainha aparece
fácense os anxos sineiros

e no alto das vellas torres
os sinos pónse a tocar.

Doces lëndas d'outra edadel
Hoxe que me encontro aquí,
—na santa terra galega
en cuas armas esplende
o cáliz d'ouro da misa—
como é grato recordárvos
lembrar, pasados seis séculos,
o perfil incerto e vago
repasado de tristeza
da rainha portuguesa
que foi romeira a Sant-Iago.

ROMANCE DE DON PEDRO VERDES

(1932)

I

Campanas de Compostela,
pombiñas de Santa Clara...
Lelias á noite pecha:
estudantes de rúa.

Qué moza, qué moza, leda,
tras da xanela os agarda?
Que chuchameles de bicos
murchan a súa carne branca?
Qué vieiros de amores tolos
hai no solpor da súa ollada?
A moza é dona Lilaila,
costureiriña de alálas...
Mociña que conta estrelas
fuxindo pol-as quintanas,
i-escoita o chorar da chuvia
com'un chorar de guitarras,
e pol-as noites de tuna
lle pón aos seus sonos azas...

Os estudantes xa o dicen:
Quén fora un ruar de bágoas!

II

Qué foi de aquel estudante?
—Don Pedro, Don Pedro Verdes—
Nas somas de Compostela
brilan seus ollos de neve.

Noite de amor atolado
de musicales ronseles.
—Mañán pol-a amañecida
virán luceiros con eles,
para durmir nas pousadas
todol-os vellos quererres,—

Don Pedro non foi de troula
—don Pedro, don Pedro Verdes—
e anda escoitando en silencio
voces de estrelas segreles,
de un pano azul penduradas
dos campanarios ao rente.

Mentras os máis estudantes
andan, moceiros, de tuna,
don Pedro, don Pedro Verdes,
tece bandeiras de chuvia,
para amortallar o vento,
nas brancas noites de lúa.

Amor de don Pedro Verdes:
Don Pedro non vai de tuna.
—Lelias á noite pecha,
os estudantes na rúa.—

Cando a mañá veña leda
bicar á xanela túa,
don Pedro, don Pedro Verdes
irá camiño do Ulla
para enterrar teu relembro
Lilaila, baixo da lúa.

De novo o vento, Lilaila,
de novo o vento i-a chuvia.

VICTORIANO TAIBO

A PANXOLIÑA

(1922)

Tanxen hirtas as campás da petrucial Com-
[postela,
e as suas ridentes voces vanse espallando
[gloriosas
pol-o val agarimado baixo vestes bretemosas:
no ceo das almas creentes fai a súa rúa un-
[ha estrela.

Dende as orelas do Sar ás riveiras do Sarela,
entre o ruxir das ferreñas onse cántigas do
[zosas,
e a ledicia tende as aas inxelas e venturosas
namentras o manseliño son da gaita no ar
[tremela.

A porta de un vello pazo a mocidade da al-
[dea
pra cantar pide licencia con enxebre cortesia,
e cando o dono, un velliño tremente, bendí-
[ce a cea,
escomenza a panxoliña toda de saudades
[chea:

*A noitiña de Nadal, noite de muita alegría,
camiñando vai Xosé e mail-a Virxe María...*

GONZALO LÓPEZ ABENTE

UN NOVO DÍA

(1929)

Sant-Iago: Gran día:
As lindas estrelas de noite báilano
na anchurosa vía
que no azul branquexa do ceo lonxano.

Lañouse a ferida sanguenta do día
e o gromo bermello do sol pol-o abreinte
ergueuse lucente
os mundos enchendo de amor e alegría.

Hosanna! cantaron os bélicos mares
Hosanna! ecoaron os altivos montes.
Hosanna! escoitouse por antre os pinares,
na l auga dos ríos e a linfa das fontes.

Abalando no ambiente
tremecente,
a fror pura e delicada
da alborada,
despertouse do sono en que durmía,
e armoñosa, na gaita, á vella usanza,
debullou a canción de un novo día
envolto no perfume da esperanza.

ALVARO DE LAS CASAS

COMPOSTELA

(1931)

Noite compostelán. Chuvia. Silenzo.
Miar do vento nos ruciros longos,
e pol-as prazas longas e imponentes
todol-os ecos tráxicos do vento,

Calado acougo das campías lonxanas
nos craustros centearios dos mosteiros,
e nas solainas e portós dos pazos
unha xenealoxía de silenzos.

Fico calado n'un rencanto. A chuva
éncheme todo en silenzosos ecos,
e hastra paréz que o corazón se para
prá ouvir mellor seu son en todo o peito.

Longos silenzos á enfiarme a l-alma-
en procura inqueda de algún eco;
e canto máis calado, alá no lonxe,
asubía o vento por impor silencio.

Silenzo... Schil... Silenzo.

E a cidade,
orballada de chuvias, nos meus ollos
fica durmida silenzosamente,
buscando en miñas bágoas o seu eco.

RICARDO CARBALLO CALERO

NOITURNIO COMPOSTELÁN

(1931)

Os sinos esgazaron a tea do silencio,
Do outo do campadario, como pombas feri-
[das
pol-os dardos do tempo, besteiro inmorre-
[doiro,
caíndo en col da noite as baladas fan.

A praza da Quintá, baixo o luar, sofaba
que a cruzaban, saudosas, as somas fuxi-
[tivas
do arcebispo Xelmírez e do mestre Matco,
o cubizoso crego e o milagreiro artista.

A catedral e a lúa xogaban ó frorete:
a lúa c'unha longa raiola de luz frida;
a catedral coa súa agulla, en cúa punta
como botón de ouro unha estrela locía.

S'ouvía gurgullar o corazón medievo
da cibdade na vella fonte das Praterías.
No longo muro do convento de San Paio,
baixo o luar, as reixas semellaban froridas.

Na noite recendente das frores da refenda
a vos fonda sómentes do silencio s'ouvía.
O tempo remontaba a corrente dos sigros
e a vida era máis outa, máis sinxela e máis
[ricia.

Un morcego pasou, remando, pol-o ar.
N'un leito azul, a lúa, núa e branca, surría...
Qué dedos inmortaes carexarán seu corpo?
Qué beizos bicarán súa carne donda e nidia?

Na noite recendente de arumes centearios
a voz fonda, somentes, do silencio s'ouvía.
A praza da Quintá, baixo o luar, soñaba
n-un rexurdir glorioso da Galiza.

EUXENIO MONTES

A MORTE DO SILENZO

(1930)

Cando morreu o silencio
ficou Compostela orfa.

Con bico negro os paxaros:
cávanlle no ar unha fosa.
Métenno nun cadaleito,
feito de i-auga e de sombra.

Non o han de xantar os vermes
dos minutos, nin das horas.
Rezanlle rezos de pedra
columnas da Rúa Nova.

Xia a brétema os queixumes,
láianse as olas de Arosa.
Catro vieiras o levan,
Catro son, i-as catro choram.

REMA TE

A POESÍA POPULAR

Como derradeiro acorde n'este concerto polifonico de loubanzas e de emocións de Compostela, escollemos unhas mostras da nosa poesía popular que sirvan á un tempo pra constatar a converxencia das roitas do noso rexurdimento cos vieiros eternos do espírito do pobo e pra amosstrar os fondos alcercos que ten na nosa Galicia a sonda de Sant Iago.

Por eso, recollemos o cofecidísimo romance de Don Gaiferos, en que o pobo revive a memoria da pelerinaxe de Guillerino X, Duque da Aquitania, grande amigo de Xelmírez, que morreu en Viernes Santo do 1137, diante o mesmo altar do Apóstol. Romance que cicáis deba incruirse entre as cancións dos cegos da Porta Santa e que ven traer eiquí un belido exemplo da literatura da pelerinaxe que enriqueceu as xestas velas i-os romanceiros novos.

E rematamos o noso Cancioneiriño, c'unha abada de cántigas do pobo, todas de referencia santiaguesa, escolmadas e publicadas por «Utreya», a derradeira revista literaria compostelanista. Poemas pra cantar con todas as melodías do noso folklore, en todas as terras da nosa patria. Lembranzas da «boa vila» onde ruía o solciño roxo da terra galega, da cidá que anuda hoxe os camiños da nosa Galicia como denantes soupo anupar as estradas todas do mundo.

ROMANCE DE DON GAIFEROS

A onde irá aquel romeiro,
meu romeiro á onde irá?
Camiño de Compostela,
non sei se alí chegará.
Os pes leva cheos de sangue
e non pode máis andar;
mal pocado! Probe vello!
non sei se alí chegará.
Ten longas e brancas barbas,
ollos de doce mirar,
ollos gazos, leonados,
verdes como auga o mar.

—A onde ides, meu romeiro,
á onde ides, meu velliño?
—Camiño de Compostela;
á onde ides vos, soldadiño?

—Cólase á min, meu velliño,
repare que non ten forzas,
para seguir o camiño.

Eu chámome Don Gaiferos,
Gaiferos de Mormalián:
se agora non teño forzas
meu espírito hama de dar.

Chegaron á Compostela
e foron á Catedral,
desta maneira falou

Galferos de Mormaltán:
—Gracias meu señor Sant-Iago,
que á vosos pés me tés xa,
se querés tirarme a vida
podésma, Señor, tirar,
porque morrerei contento
n'esta santa catedral.

I-o vello de longas barbas
caiu tendido no chan;
cerrou os seus ollos verdes,
verdes como auga de mar.

O bispo que esto veu,
alí o mandou enterrar.

Así morreu, meus señores,
Galferos de Mormaltán;
este foi un dos milagres
que Sant Iago Apóstol fai.

CANTIGAS POPULARES

Ao San Bastián corramos
á cima do Pico Sagro
para ver cal raia o sol
nas torres de Sant Iago.

Camión de Sant Iago
ai, camiño foliadeiro,
déronlle á miña irmá
de beber pol-o sombreiro!

Cando vaias á Sant Iago
comprárasme un Sant-Iaguiño

coida de mercarmo grande
anque coste un realíño.

Hasta Sant Iago irei;
de Sant-Iago para arriba
bagullas que eu botarei.

Indo eu para Sant-Iago
na ponte de Sigüeiro
chameille á un vello meu sogro
e saléume verdadeiro!

Indo eu para Sant-Iago
no camiño achei espiñas
volta para a miña casa
que é a gala das miniñas.

Sant Iago de Galicia
espello de Portugal
axudádeme á vencer
n'esta batalla real!

Sant-Iago é boa vila
dá de comer á quen pasa;
levando cartos na bolsa
pan de trigo haino na casa.

Sant-Iago é boa vila
é boa vila tamén,
Sant-Iago é boa vila
dá de comer á quen ténl.

Xulio, 1932.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A HOMAXE A CASTELAO

O domingo, 19 de Xullo, tivo lugar en Lugo a homaxe con- que toda Galicia expresou, afevroua e unánimemente a admi- ración e o cariño que lle inspira a personalidade xental do seu in- térpete máxime.

Foron innumerables os vehículos que converxeron en Lu- go, saídos de todos os puntos da nosa terra, o polo idéntico de unha mesma comunidade de amor cara á gran Castela. Con eles acudiron os máis representativos valores de Galicia.

Chegado Castela, acompañado de unha sociedade que o aclamaba, trasladóuse á Diputación provincial, onde o señor Vázquez Campos lle entregou un artístico álbum, no que logo firmaron os concurrentes á bandeira, de máis de cinco centos cumensais, que se celebró no «Hotel Méndez Núñez».

Os postres faláron o secretario da Comisión organizadora da homaxe, don Ramón Martínez López; o presidente, señor Váz- quez F. Pimentel; o reitor da Universidade, señor Rodríguez

Cedazo; Otero Pedrayó, en nome dos deputados galegos; o al- calde de Sant-Iago, don Raimundo López Poi; don Valentín Paz Andrade, e Anxón Villar Ponte, iniciador da feita idea da homaxe. Logo Castela agradeceu, co aquela verba emocionan- da e xonial que acostuma, o tributo de simpatía que se lle rindeu.

ASAMBREIA PREPARATORIA DO ESTATUTO GALEGO

No Paraninfo da Universidade, casualmente cedido polo reitor, celebrouse a asamblea preparatoria do Estatuto Galego. Abriuse a sesión baixo a presidencia da Comisión pro Es- tado do Concello de Santiago.

A mesa definitiva resoltou formada pol-os alicides de Com- postela, a Cruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Carbaliño, Lalin, Sarria e Noia, sendo nomeado presidente Xulio Quintanilla, alcalde de Ferrol.